

ASISTENTES

Bravo Bosch, María José (Presidenta)
Pita Carballo, José Luis (Secretario)
Barreiro Rodríguez, Covadonga
Cuevas Alonso, Miguel
Villanueva Villar, Mónica
Casal Guisande, Manuel

Escusa a súa asistencia:

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do martes, **27 de xaneiro de 2026**, ás 09:15 h en primeira convocatoria e ás 09:30 en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **27 de xaneiro de 2026** ás 09:30 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 5 de decembro de 2025.

O Reitor, Presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe a acta, ao non haber correccións á mesma.

Apróbase por asentimento.

2. Aprobación, se procede, das modificación do Procedemento para a elección de Reitor/a da Universidade de Vigo e de representantes no Claustro Universitario.

Modificacións que veñen dadas pola LOSU.

Apróbase por asentimento.

3. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións a Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

Miguel Cuevas di que co calendario actual a segunda votación se a houbese coincidiría co período de exames supoñendo un problema para o estudantado que vería comprometida a súa participación nesa votación

Quédase en adiantar o día da votación ao 15 de maio e enviar de novo todo o calendario electoral modificado

Apróbase esta proposta por asentimento.

4. Aprobación, se procede, das circunscricións electorais no sector PDI_B nas eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

Non houbo reclamacións.

Apróbase por asentimento

5. Aprobación, se procede, da localización das mesas electorais para o sector PTXAS nas eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

Apróbase por asentimento

6. Aprobación, se procede, da delegación na presidencia da Comisión Electoral da elaboración dos censos provisionais

Apróbase por asentimento

7. Aprobación, se procede, da delegación na presidencia da Comisión Electoral dos modelos de candidatura e outros asuntos de trámite previstos no Regulamento Electoral Xeral

Propónse a modificación da papeleta da candidatura por defecto lingüístico formal.

A presidenta da comisión informa que vai preguntar polo número de furnas existentes na Universidade e de non seren abondo mercaranse as necesarias

Apróbase por asentimento

8. Sorteo da letra pola que se deberá iniciar as papeletas de votación cos nomes das persoas candidatas para a elección á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario (artigo 9.2 f do REX).

Sortéase sendo a letra N a designada para o primeiro apelido e a letra I para o segundo apelido

10. Quenda de Intervencións.

O Reitor agradece a presenza e ponse ao dispor para o que se necesite

Miguel Cuevas agradece a aceptación do cambio no calendario electoral e propón revisar as reunións dos precandidatos para evitar incomodidades entre os colectivos ou falta de sensibilidade.

O reitor agradece a presenza dos membros da Comisión, desexando unha boa semana de traballo.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 10:10 h., do que eu, como secretaria da comisión, dou fe.

A presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral

María José Bravo Bosch

José Luis Pita Carballo